

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

ANÁLISE

(G. Profesional)

Departamento de Composición

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

INTRODUCCIÓN	3
Análise 1º Curso (5º G.P.)	3
Obxectivos:	3
Contidos:	3
Contidos mínimos esixibles:	4
Criterios de Avaliación:	4
Procedementos de avaliación e temporalización:	5
Criterios de calificación:	5
Proba extraordinaria de Setembro:	5
Acceso a 6º de Grao Profesional e ampliación de matrícula a 6º de Grao Profesional.	5
Proba de perda de avaliación continua.....	5
Recursos:	5
Bibliografía:	6
Análise 2º Curso (6º G.P.)	6
Obxectivos:	6
Contidos:	6
Contidos mínimos esixibles:	7
Criterios de Avaliación:	7
Procedementos de avaliación e temporalización:	7
Criterios de calificación:	8
Proba extraordinaria de Setembro:	8
Proba de perda de avaliación continua.....	8
Recursos:	8
Bibliografía:	8
FALTAS DE ASISTENCIA. Perda do dereito á avaliación continua	10



INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica secuencia os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no currículo oficial vixente para a materia de Análise, enfocada ós dous últimos cursos de Grao Profesional. Elaborouse segundo a Lei Orgánica 2/2006, de Educación (LOE), do 3 de maio, e o Decreto 203/2007. Está enfocada a un alumnado que parte dos coñecementos adquiridos en materias coma Linguaxe Musical, Coro, Harmonía e o propio instrumento. Asemade o estudio da Análise musical proporciona-lle ao alumnado as ferramentas precisas para unha mellor comprensión das diferentes épocas e estilos musicais, así como a posibilidade de realizar unha interpretación máis fidedigna e crítica das obras. Tamén se teñen en conta o fomento das T.I.C. (Teorías da Información e Comunicación) na realización de traballos de clase, e a animación á lectura, ámbalas dúas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, de Educación, do 3 de maio.

Análise 1º Curso (5º G.P.)

Obxectivos:

- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros anteriores conferíndolle unha estética propia do estilo á que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Contidos:

Tradicionalmente os contidos clasifícanse en tres categorías: procedimentais, conceptuais e actitudinais. Debido á natureza da asignatura traballáranse sobre todo os de índole procedimental e conceptual. Por este motivo non se realiza unha división en tres categorías, aínda que si se fai unha clasificación con cinco áreas de coñecemento sobre os aspectos técnicos a traballar:

- Análise Harmónica:
 - A tonalidade
 - A modulación



- As dominantes secundarias
- Cadencias
- Acordes e notas de adorno.
- **Análise Melódica:**
 - Ámbito melódico
 - Movemento melódico
 - Función melódica
- **Análise Rítmica:**
 - Tema, motivo ou deseño
 - Frases e semifrases
 - Articulación
- **Análise Sonora:**
 - O timbre e as diferenzas entre os instrumentos musicais e a voz
 - Os instrumentos transpositores, os seus rexistros e tesituras
 - A dinámica
 - A textura
- **Análise da Forma Musical:**
 - Relación entre texto e forma: madrigal e motete.
 - Fuga, concerto grosso, concerto solístico, trío sonata, sonata barroca –da chiesa e da camera-, suite barroca.

Contidos mínimos esixibles:

- Coñecemento básico dos principios e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, do Barroco.
- Coñecemento a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía – cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agógica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversa épocas e autores, dos estilos da práctica tonal: Barroco.

Criterios de Avaliación:

- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas.



- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala.

Procedementos de avaliación e temporalización:

- Os procedementos serán a observación sistemática, diaria e directa do alumnado; o cartafol de clase; o diario de clase; os traballos de grupo e os exames.
- Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final.

Criterios de cualificación:

- A participación activa na clase suporá o 20% da nota final.
- A correcta realización dos exercicios suporá o 30% da nota final.
- A correcta realización dos traballos en grupo suporá o 10% da nota final.
- A nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporán o 40% da nota final.

Proba extraordinaria de Setembro:

A proba de setembro consistirá:

- Na análise dunha obra/as ou fragmentos (do período Barroco), facendo fincapé na análise sonora, melódica, rítmica, harmónica e formal.
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso.

Acceso a 6º de Grao Profesional e ampliación de matrícula a 6º de Grao Profesional.

Os aspirantes que se presenten ó acceso a 6º GP ou a ampliación de matrícula a 6º GP deberán demostrar o seu dominio dos contidos do Análise de 5º GP. Para iso faráselles en ámbolos dous casos unha proba baseada nos contidos de 5º de Análise e cuxa estrutura será igual que a do exame de Setembro de 5º GP descrito anteriormente nesta programación.

Proba de perda de avaliación continua

O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba alternativo ó final de curso. Esta proba seguirá o mesmo protocolo da proba extraordinaria de setembro descrito anteriormente nesta programación.

Recursos:

- Encerado e papel pentagramados
- Piano



- Equipo de audio
- Gravacións discográficas para as audicións
- Partituras para a análise
- Ordenador
- Internet

Bibliografía:

- *Harmonía*. Diether da Motte. Ed. Labor, 1989
- *Tratado da Forma Musical*. Clemens Kühn. Ed. Span Press Universitaria, 1998
- *Historia da composición musical en exemplos comentados*. Clemens Kühn. Idea Música, 2003
- *A Melodía*. Ernst Toch. Ed. Span Press Universitaria
- *Análise do Estilo Musical*. Jan LaRue. Ed. Span Press Universitaria, 1998

Análise 2º Curso (6º G.P.)

Obxectivos:

- Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: forma, harmonía, textura, ritmo, melodía, etc.
- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros anteriores conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- Recoñecer mediante a audición e a lectura as estruturas e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Contidos:

- Formas binarias e ternarias de finais do Barroco e principios do Clasicismo
- Diferenzas estilísticas entre a música barroca e a clásica:
 - Fraseo



- Melodía
- Cadencias e a súa función estrutural
- Acordes característicos
- Baixos e acompañamentos (Murky, Alberti)
- A Sonata dende Johann Christian Bach a Beethoven
- Sonata para piano, sonata a dúo, cuarteto de corda e sinfonía
- Forma sonata de movemento rápido
- Forma sonata sen desenvolvemento
- Forma Lied
- Minueto (*scherzo*) e trío
- Rondó, rondó sonata
- Variacións
- Introducción ao Romanticismo

Contidos mínimos esixibles:

- Coñecemento básico dos principios e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, do Clasicismo e Romanticismo.
- Coñecemento a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía – cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversa épocas e autores, dos estilos da práctica tonal: Clasicismo e Romanticismo.

Criterios de Avaliación:

- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas.
- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala.

Procedementos de avaliación e temporalización:

- Os procedementos serán a observación sistemática, diaria e directa do alumnado; o cartafol de clase; o diario de clase; os traballos de grupo e os exames.



- Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final.

Criterios de calificación:

- A participación activa na clase suporá o 20% da nota final.
- A correcta realización dos exercicios suporá o 30% da nota final.
- A correcta realización dos traballos en grupo suporá o 10% da nota final.
- A nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporán o 40% da nota final.

Proba extraordinaria de Setembro:

A proba de setembro consistirá:

- Na análise dunha obra/as ou fragmentos (do Clasicismo e/ou Romanticismo), facendo fincapé na análise sonora, melódica, rítmica, harmónica e formal.
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso.

Proba de perda de avaliación continua

O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba alternativo ó final de curso. Esta proba seguirá o mesmo protocolo da proba extraordinaria de setembro descrito anteriormente nesta programación.

Recursos:

- Encerado e papel pentagramados
- Piano
- Equipo de audio
- Gravacións discográficas para as audicións
- Partituras para a análise
- Ordenador
- Internet

Bibliografía:

- *Harmonía*. Diether da Motte. Ed. Labor, 1989
- *Tratado da Forma Musical*. Clemens Kühn. Ed. Span Press Universitaria, 1998
- *Historia da composición musical en exemplos comentados*. Clemens Kühn. Idea Música, 2003



- *A Melodía*. Ernst Toch. Ed. *Span Press Universitaria*
- *Análise do Estilo Musical*. Jan LaRue. Ed. *Span Press Universitaria*, 1998
- *Formas de Sonata*. Charles Rosen. Ed. *Labor*, 1994
- *A Música Clásica*. Philip Downs. Ed. *Akal*
- *Anthology of Classical Music*. Philip Downs. Ed. *Norton*
- *A Música Romántica*. Leon Plantinga. Ed. *Akal*



ANEXO I

FALTAS DE ASISTENCIA. Perda do dereito á avaliación continua

Aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua, xa sexa nun dos trimestres ou na avaliación final, deberán ser avaliados por un sistema alternativo. Este proceso deberá realizarse na semana anterior a cada unha das sesións de avaliación trimestrais, e dentro dos dez días anteriores á sesión de avaliación de fin de curso. O sistema alternativo de avaliación trimestral consistirá nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida para o trimestre. O sistema alternativo de avaliación anual consistirá así mesmo nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Establécense dous tipos de faltas:

- Xustificadas.
- Sen xustificar.

O profesor será o responsable de controla-las faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

“Os criterios de avaliación a aplicar nestes casos, serán os enunciados no Decreto 203/2007 para Análise”.

Faltas Xustificadas Faltas sen Xustificar

Por Trimestre

Total Curso

Por Trimestre

Total Curso

Materias de 2 sesións semanais **4 12** Materias de 2 sesións semanais **3 9**

*** Non se poderá supera-lo número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías., Do mesmo xeito nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa no trimestre ou no total do curso.**